



PLAN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

INSTITUTO SANTA IRENE



Índice

1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN	1
1.2. PERSOA RESPONSABLE, EQUIPO, USOS E HORARIOS.....	1
2. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA	2
3. FORMACIÓN DE USUARIOS.....	2
4. FOMENTO DA LECTURA	2
5. ACTUACIÓNS RELACIONADAS CON PROXECTOS E PROGRAMAS DO CENTRO.....	3
6. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	3



1. Organización e xestión

A biblioteca conta con dous espazos:

- Unha sala de estudio: utilizada para o estudo individual ou en pequenos grupos, moi demandada polo alumnado durante o tempo de lecer.
Esta sala alberga libros de carácter documental, enciclopédico e soportes informáticos para que o alumnado poida traballar e buscar información.
Utilízase tamén para compartir experiencias creativas (traballos grupais ou conferencias), por iso conta cunha pantalla de visionado e como aula para agrupamentos e materias de pouco alumnado.
- Unha sala de lectura na que hai espazo para a lectura individual ou grupal como os clubs de lectura.
Nesta sala inclúense lecturas, xogos e un espazo máis aberto á creatividade.

Por outro lado, o centro habilitou unha sala coas condicións apropiadas, no soto do centro que alberga a “Biblioteca Histórica”. Nesta sala inclúense libros considerados “históricos”, moitos descatalogados ou en pouco uso. Continuarase a catalogación axeitada destes exemplares.

A biblioteca oferta varios servizos. O máis demandado é o servizo de préstamo para todo o persoal do centro e o alumnado de diúrno e nocturno, que poden recoller os exemplares nos períodos de lecer. Ademais, o alumnado de diúrno pode solicitar o préstamo no seguinte correo electrónico: prestamo.libros@iessantariene.es. Tamén ofrece servizo ao alumnado con materias validadas.

Para difundir a información, o centro conta con paneis e pizarras nos corredores de acceso á biblioteca e con vitrinas para a exposición dos traballos desenvolvidos.

Existe un espazo dixital concreto, o blog <https://acovamaxica.blogspot.com/> no que se informa e divulga o traballo desenvolvido polo alumnado.

1.2. Persoa responsable, equipo, usos e horarios

A biblioteca está aberta en todo o horario lectivo do centro (tanto en diúrno como en nocturno), aínda que o servizo de préstamo só se ofrece durante os períodos de lecer. Polo tanto, o alumnado pode ir a traballar a ela e utilizar os seus recursos (material informático e documental), durante todo ese período.

Horario de diurno

- De Luns a Venres de 08:30 h a 14:10 h.
- Luns tarde de 16:10 h a 17:50 h.

Horario de adultos

- Luns de 18:30 h a 22:30 h.
- Martes a xoves de 17:00 h a 22:30 h.
- Venres de 17:00 h a 21:45 h.

A Biblioteca conta cun equipo de biblioteca no que participan:

- Unha coordinadora.



- Unha bibliotecaria que fai tarefas de rexistro e préstamo.
- Membros do equipo docente, que se amplían cada ano con todo aquel que desexe participar.
- O equipo directivo que apoia en todo momento e participa nas actividades propostas polo equipo de biblioteca.

2. Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca

A biblioteca ten variados materiais que axudan ao tratamento e desenvolvemento do currículo e das competencias clave do alumnado.

Moitos aspectos culturais xerais, non só de carácter bibliográfico, dinamízanse a través das diferentes efemérides, con actividades vinculadas á creatividade (concursos literarios, obradoiros de ilustración de textos, conferencias...)

A biblioteca dispón de material de apoio para alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo e tamén para o alumnado estranxeiro. Aínda que os departamentos didácticos teñen a súa propia biblioteca de departamento, faise unha labor de catalogación e rexistro desde a biblioteca para unificar e conservar todo o material bibliográfico do centro.

A biblioteca renova os seus fondos, non só na parte bibliográfica, senón tamén no tocante ao material en diferentes soportes e formatos.

3. Formación de usuarios

A comezo de cada curso académico organízanse sesións de formación con conferencias para o alumnado de 1º da ESO co obxectivo de dar a coñecer o funcionamento da biblioteca aos novos usuarios. Durante o primeiro trimestre, distribúense entre o alumnado uns carteis no que se explica de xeito resumido o uso da biblioteca.

A biblioteca participa na convocatoria de “Voluntariado” organizado polo programa de “Bibliotecas Solidarias”, así que dispón dun grupo de voluntarios/as de diferentes cursos que se amplía cada ano. Este grupo de voluntarios/as non só axuda no desenvolvemento e difusión das actividades senón que tamén axuda no servizo de préstamo, rexistro e expurgo.

Por outra banda o equipo de biblioteca participa nas Xornadas de Biblioteca que se organizan desde o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares en centros públicos non universitarios no que a biblioteca está incluído desde hai anos.

4. Fomento da lectura

Desde a biblioteca axúdase na execución do proxecto lector no que se especifica a contribución da biblioteca á alfabetización múltiple e ao desenvolvemento das competencias do alumnado.

Colabórase cos distintos departamentos didácticos na elaboración de listados de libros de lectura obrigatorios e opcionais e mércase e actualízase o fondo de lecturas.



De xeito conxunto trabállase con diferentes departamentos para a elaboración de actividades diversas vencelladas á lectura: conferencias, conversas con autores e/ou ilustración de textos elaborados polo alumnado.

A biblioteca escolar conta con Club de Lectura con diferentes e variadas liñas temáticas abertas, tendo en conta os gustos diversos do alumnado, a idade e incluso ás súas necesidades específicas. Tamén participa nas actividades que de él xorden: roteiros, xornadas con outros centros, etc.

5. Actuacións relacionadas con proxectos e programas do centro.

De maneira activa a biblioteca escolar participa nas celebracións vencelladas ás efemérides: Día das escritoras, Día das Bibliotecas Escolares, Samaín, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Recomendacións lectoras de Nadal, Día dos Dereitos Humanos, Día da Ilustración, Día da Paz, Entroido, Día de San Valentín, Día da Poesía e da árbore, Día de Rosalía, Día Internacional da Muller, “Semana da Ciencia”, Día do Libro, Día das Letras Galegas, Recomendacións Lectoras de verán.

A biblioteca escolar traballa cos diferentes departamentos en actividades que se lle propoñen e especialmente co departamento de dinamización da lingua galega.

A biblioteca escolar tamén participa no proxecto Polos Creativos, Proxectos de Inclusión Educativa (PIE), nas súas diferentes modalidades e Proxecta+. Ademais, o equipo de biblioteca está aberto a calquera proxecto ou departamento que solicite colaboración para o desenvolvemento dalgunha actividade, xa sexa coa cesión do espazo ou coa participación activa nas actividades, a través do alumnado voluntario ou todo aquel que queira participar.

6. Criterios e procedementos de avaliación

Indicadores e instrumentos que se utilizarán:

1. Análise de estatísticas do índice de participación nas actividades de dinamización.
2. Análise de estatísticas do índice de utilización da biblioteca en función dos resultados de préstamos, consultas en sala, emprego da biblioteca para facer traballos en grupo baixo a supervisión dun docente.
3. Enquisas sobre a aceptación do labor da biblioteca (dirixida a toda a comunidade educativa).
4. A memoria final do curso.